

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA ESTRANXEIRA,
INGLÉS, PRIMARIA

CURSO 2021-2022

MERCEDES ALONSO PADRÓN, Mestra especialista en Lingua Estranxeira do 2º e 3º Ciclo de Educación Primaria.

MARÍA GONZÁLEZ GARCÍA, Mestra especialista en Lingua Estranxeira en Infantil e 1º Ciclo de Primaria.

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
3. Obxectivos de etapa e área	5
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (ANEXO I)	
5. Concrecións metodolóxicas da materia	7
6. Materiais e recursos didácticos	8
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	8
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente	9
9. Deseño e avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	9
10. Medidas de atención á diversidade	9
11. Actividades complementarias e extraescolares	10
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.....	10

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Pola súa parte, o Marco común europeo de referencia para as linguas define os niveis de dominio da lingua que permiten determinar as competencias lingüísticas do alumnado en cada fase da aprendizaxe ao longo da súa vida. A educación primaria constitúe a fase inicial desa aprendizaxe de linguas estranxeiras e a base para que o alumnado, ao rematar a súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira que lle permita achegarse ao seu uso independente.

O currículo nesta etapa, se ben inicialmente dá prioridade ás actividades lingüísticas ou destrezas orais nos primeiros cursos, establece gradualmente a aprendizaxe das outras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias propios destas idades.

Esta programación vai dirixida a un centro escolar de Infantil e Primaria situado nunha zona rural, Barouta, no Concello de Ames.

O marco normativo no que nos moveremos será o seguinte:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais.

A aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o coñecemento de base conceptual ("coñecemento") non se aprende á marxe do seu uso, de "saber facer"; tampouco se adquire un coñecemento procedimental ("destrezas") en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción que se leva a cabo.

As **Competencias Clave do currículo** son as seguintes:

- 1. ° Comunicación lingüística. (CCL)**
- 2. ° Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)**
- 3. ° Competencia dixital. (CD)**
- 4. ° Aprender a aprender. (CAA)**
- 5. ° Competencias sociais e cívicas. (CSC)**
- 6. ° Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIE)**
- 7. ° Conciencia e expresións culturais. (CCEC)**

O desenvolvemento das competencias clave en cada estándar de aprendizaxe avaliable queda reflexado no punto 4 de esta programación.

3.- OBXECTIVOS DE ETAPA E ÁREA.-

O obxectivo é que os nosos alumnos e alumnas adquiran competencia comunicativa en inglés a través de actividades lúdicas e motivadoras, que ao tempo sexan efectivas para a aprendizaxe. Facendo estas actividades eles usan a lingua para obter información, expresar a súa opinión persoal e relacionarse de forma natural. Trátase de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis, senón como o reflexo dun mundo externo do que todos formamos parte. Preténdese, na medida do posíbel, globalizar as experiencias sen esquecer a etapa concreta de aprendizaxe en que se atopan os alumnos.

Os **obxectivos de etapa** de acordo co DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria en Galicia, son os seguintes:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os **obxectivos de área** que se desprenden de este decreto son:

- a) Usar activamente a lingua inglesa nun contexto comunicativo.
- b) Adquirir experiencia da lingua inglesa na aula para desenvolverse na vida real.
- c) Utilizar a aula para percibir e facer uso da lingua inglesa e a súa cultura.
- d) Traballar a comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita ao longo da etapa.
- e) Comprender palabras, frases sinxelas e as ideas básicas de textos axeitados aos distintos niveis.
- f) Entender e transmitir ideas ou enunciados orais e escritos.
- g) Desenvolver as distintas destrezas mediante as novas tecnoloxías.
- h) Adoptar unha actitude responsable e crítica.

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE .-

Recollido no anexo I adxunto a esta programación.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.-

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Partindo deste feito, fomentárase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbitos diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua. O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentar adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponde como instrumento de socialización. A medida que o alumnado avance en idade, evolucionarase desde un procesamento da lingua de carácter esencialmente semántico a un procesamento sintáctico máis avanzado. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas.

A metodoloxía máis idónea será, polo tanto, aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que a alumna e o alumno, por un lado, adquiran as diversas competencias implicadas na comunicación, e, por outro, desenvolva a capacidade de poñer todas estas competencias en práctica de xeito conxunto para producir e procesar textos orais ou escritos axeitados aos contextos de actuación correspondentes.

Incidirase ademais de xeito especial no aproveitamento didáctico de **recursos dixitais**, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar o alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe, adaptados sempre á súa idade e ás súas peculiaridades.

6.- MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS.-

Materials Edixgal,
Estudents on line Materials,
Recursos dixitais,
Flashcards,
Word cards,
Story cards,
Materiais extras elaborados pola mestra,
Cardernos individuais,
Fichas de traballo,
Canón de vídeo,
Pizarra dixital,
CD player con auriculares,
Libros CD de lectura,
Libros de lectura e consulta
Xogos.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os **Criterios de avaliación** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

Concrétanse a través dos **Estándares de aprendizaxe**, que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que especifican os coñecementos que o alumno debe alcanzar en cada caso.

Estes criterios aparecen detallados no apartado 4 deste documento.

O material de avaliación está deseñado para calibrar os avances conseguidos, identificar as necesidades do alumnado e darlles a oportunidade de autoavaliarse.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global.

Nos primeiros niveis, 1º e 2º ciclo, a calificación numérica que levará no boletín informativo será o resultado da observación directa, da actitude e participación nas sesións e dos traballos realizados na clase.

A calificación numérica final do alumnado na avaliación de 5º e 6º nivel seguirá o seguinte baremo:

- 60%, traballo de clase: individual e en grupo, probas escritas.
- 20%, expresión e comprensión oral.
- 10%, traballo individual do alumnado na casa; orde e limpeza na presentación dos traballos.
- 10%, actitude e conducta na aula.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

O desenvolvemento dos indicadores de logro en cada estándar de aprendizaxe avaliábel queda recollido no punto 4 de esta programación.

9.- DESEÑO E AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Ao comezo de cada un dos cursos da etapa da Educación Primaria, levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado, que permitirá coñecer o nivel de partida e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación se fose o caso.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nesta etapa porase especial énfase na **atención á diversidade** do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.

A intervención educativa debe contemplar como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os **mecanismos de reforzo** que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Levaráanse a cabo as recollidas no Plan Xeral Anual aprobado polo Claustro de profesorado e polo Consello Escolar.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación continua terá un carácter formativo coa finalidade de orientar ao profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe e de adoptar as medidas que axuden a superar as posibles dificultades atopadas no mesmo.